



LUÍSA VILLALTA

DEZ POEMAS

FOTOGRAFÍA M. d'Outeiro

DÍA DAS LETRAS GALEGAS
17 MAIO 2024

A long-exposure photograph of a rocky coastline. In the foreground, a person stands on a series of concrete steps that lead down into the sea. The water is blurred, creating a sense of motion. The sky is a pale, overcast blue. The overall mood is contemplative and serene.

Non teño outro corpo que un destino
por min libremente imaxinado,
nen teño outra alma que o consolo
de ser o sen-min que me concibo.

Fortuna é, ao fin, de toda vida
figurar-se unha historia sen destino.

(do libro "MÚSICA RESERVADA" de Luísa Villalta)

O tempo inventará a melodía
a destacar-se sobre a tela escura,
labor de oráculo, palabra pura,
tecendo e destecendo a mesma via.


E os poemas serán cantos dun día
dilatado en distancia e en altura
como a luz suspendida na espesura
deste nada orbital no que se cría.

Espellos que desfien nas imaxes
outra luz sobre as sombras extendida
esperando o momento do reflexo.

Até entón e despois son as paisaxes
outra tela a cair na danza-vida
e o sentir dese tempo é o desexo.

(do libro "MÚSICA RESERVADA" de L. Villalta)





Xeométrico, o ollar da mañá,
unha liña de sol nas cortinas,
é un delirio cravado na ausencia.

O fume pervive sen forma
-a inocencia é olvido- e o pó
acumula ese nada sen sombra.

(do libro "MÚSICA RESERVADA" de L. Villalta)

A small boat with colorful lights (yellow, orange, red, and blue) is visible on a dark sea at night. The boat is illuminated from within, and its lights reflect on the water. The background is a deep, dark blue/black, suggesting a night sky or a very dark sea.

E ficaremos sós
mar e silencio.

Cando a noite me veña desvendar
con amor prometido e demorado
estes ollos que ollaron tanto nada,
as follas que caíron ao meu pé
serán pisadas.

E a ausencia cumprirá o seu oráculo
cando a noite sexa o fondo,
cando o mesmo mar a noite,
e o silencio
diga a última palabra

(do libro "MÚSICA RESERVADA" de L. VILLALTA)



SE de aquí o poema cai en palabras
que se suman e seguen como ondas,
fará-se un rumor de notas falsas
que evidencie o imposíbel dos seguintes

versos. Palabras, portanto, falsidade
como todos os versos que anteceden.
Mais si as ondas en si mesmas son verdade
as palabras tamén se son poema

(do libro "RUÍDO" L. Villalta)



O solitario morde a brisa da tarde
como se fose o último anaco de pan.


Cada centímetro de distancia é insalvável
por iso afirma non poder regresar.

Ascende polo frío, de espaldas á voz
que o reclama nos lindes da imensa herdade.

Desde o silencio odia o silencio
que os bons días ocultan amabelmente.

O solitario sempre ten fame e sede
porque vive da brisa como un río que se perde.

(do libro "RUÍDO" de L. Villalta)



SEN embargo sei que digo rosa,
e nada florece baixo o nome
Como tampouco se pronúncian
as chagas dos teus dedos.
Contodo doen. Doen-me só porque me
chaman

con arrecendo de carne dando froito,
co eco do sonido dos teus pasos
perdendo o seu camiño polos ares.

Digo e respiro escumas retorcidas
de dor, de orgullo, de todo o xesto
que leve o mudo acento de algo humano.
A orixe fluvial do axitamento
dá pulso ás veas destes versos
e non é literatura o que sinalo.

(do libro "RUÍDO" de L. Villalta)

QUE exacta aquela voz
cristaleando
o edificio inteiro da miña soedade

(do libro "RUÍDO" de L. Villalta)





Ao mesmo tempo
caio e me levanto.
Ao mesmo tempo, aí está a gracia.
A guindaleta da mudanza,
o eixo da roda,
o muíño que nunca acaba de desfacer
e facer fariña, un feito diferente.
Ao mesmo tempo.
Mentres as oficinas clausuran os horarios,
abren as ruínas o comercio da carne
—todo a mesma noite co seu día—
e aínda á vida lle nacen hedras desherdadas.
Hedras que moen nas paredes
ao mesmo tempo que as sosteñen,
amor que dá e quita amor.
Ao mesmo tempo.
A lúa na cara da mañá
fai a rúa
que se desfai entre os rabos da tarde,
rabos de cans solitarios
perguntando polos despoxos.
Hedra de min que me sosteño,
mañá despertarei nunha casa diferente
agarrada á mesma e única parede que coñezo.

(do libro "PAPAGAIO" de L. Villalta)

Para todas as portas valía
unha única chave, pesada como a vida.
Por iso sempre estaban abertas as portas na aldea
porque había normas morais
que, unha vez pechadas, ninguén era quen de abrir máis.
Para todas as linguas
o silencio era tamén unha porta lenta
cacarañada de verme,
tan antiga como a malición familiar
sobre a caste das mulleres
que nunca han de ser casadas.
Apesar do silencio,
abondaba mirar como miran as fechaduras vixiantes
aos ollos de todos nós
para saber que o muíño non moe para atrás
nen devolve o grao á mazaroca.
Por suxeitar a deshonra,
pai e nai xa nunca non me falaron máis.
Eu nunca souben quen dos dous botou a chave
que pechou tras de min a porta do mundo
e me obrigou a saír
sen encontrar a saída

(do libro "PAPAGAIO" de L. Villalta)

